



O Xefe do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra informa do seguinte:

En relación coa solicitude de rescisión total do consorcio “Cerbo, Fonte Moscosa e Outros” PO-2158 da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común San Xurxo de Sacos, Concello de Cotobade, Pontevedra.

Que o ano 1955 asinase o consorcio número PO-2158 denominado “Cerbo, Fonte Moscosa e outros” cun total de 104 ha, pertencentes á C.M.V.M.C. de San Xurxo de Sacos, do concello de Cotobade.

Que o monte foi clasificado a favor dos veciños de San Xurxo de Sacos, segundo Resolución do Xurado Provincial de Montes de data 1 de febreiro de 1979, cun total de 467 ha.

Que con data no rexistro de entrada desta delegación provincial de 21 de xullo do presente, e número 13.294, este servizo recibe escrito de D. José García Rodríguez, como presidente da C.M.V.M.C. de San Xurxo de Sacos, no que solicita a rescisión total do consorcio pertencente a súa comunidade, renunciando ó saldo positivo existente.

Que o estado das contas, (Gastos – Ingresos) é de – 38.776,71 €.

Por todo isto, **proponemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe a rescisión total das 104 ha do consorcio “Cerbo, Fonte Moscosa e Outros” PO-2158 da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xurxo de Sacos, Concello de Cotobade, Pontevedra.


Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2005

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,


José Luis Chan Rodríguez

Visto e prace

**O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**


Tomás Fernández-Couto Juanas.

**Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-**



Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería en Pontevedra, relativo á rescisión na súa totalidade do consorcio con nº de elenco PO-2158 do monte vecinal en man común "CERVO, FONTE MOSCOSA E OUTROS", propiedade da comunidade vecinal de San Xurxo de Sacos, Concello de Cotobade e cunha superficie actual de 104 has.

Visto o escrito de data 18 de xullo de 2005 do Presidente da Comunidade de montes veciñais en man común de San Xurxo de Sacos, no que solicita a rescisión do consorcio PO-2158, renunciando ó saldo positivo a favor da citada Comunidade, resultante das contas do consorcio.

Visto o informe de data 8 de agosto de 2005 do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, no que se fai referencia a renuncia por parte da Comunidade do saldo positivo do consorcio e se propón a rescisión do consorcio PO-2158 do monte "CERVO, FONTE MOSCOSA E OUTROS".

Vistas as disposicións legais de aplicación,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a rescisión do consorcio PO-2158 do monte "CERVO, FONTE MOSCOSA E OUTROS", nos termos establecidos no informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2005.
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: M^a José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a rescisión total das 104 ha do consorcio “Cerbo, Fonte Moscosa e Outros” PO-2158 da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xurxo de Sacos, Concello de Cotobade, Pontevedra.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2005.

O CONSELLEIRO

P.D. (Orde do 12-08-2005)

O Secretario Xeral,



Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. -
Santiago de Compostela.-